



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



Ribeiro



## Club Atletismo Sada

Ano de fundación: 1996

Número de fichas 2015/2016: 250

Nome do presidente: *Fernando Míguez*

Delegación: *A Coruña*

Correo electrónico: *prensa@clubatletismosada.com*

Seguimos a publicar as entrevistas de todos aqueles clubes que quixeron tomar parte nesta sección dando respostas as nosas preguntas con fin de contribuir a dar a coñecer un pouco máis o seu importante traballo.

Hoxe falaríanos o responsable de Prensa e vocal do C.A. Sada **Jorge Valdés** que comentaría con nós algúns aspectos deste clube comezando por amosar a súa satisfacción polo balance xeral da pasada tempadal “A tempada ten sido enormemente positiva para o Clube



Atletismo Sada. Completamos equipos femininos e masculinos en todas as categorías de xóvenes atletas, dende benxamíns ata xuveniles, algúns dos cales obtiveron bós resultados nos campionatos autonómicos e provinciais, tanto a nivel individual coma por equipos”

**Salienta a importancia dalgúns dos logros acadados pola entidade** “Chegouse ó Campionato nacional de cross na categoría feminina, acadándose o Campionato de Galicia de veteranas na mesma especialidade”

**...facéndo mención ás probas nas que máis se prodigan, as de ruta** “Nas probas populares sempre estamos entre os primeiros, coma no Circuito Coruña Corre. Mesmo temos tomado parte nas maratóns de Valencia, de Málaga, de Oporto, e da Coruña”



## falar os sete falares



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



Ribeiro



**Non pasa por alto a importancia do fortalecemento do club tanto a nivel social coma deportivo apuntando que ...**"O número de socios medrou de maneira exponencial, e as escolas cubriron todas as prazas en todas as categorías".

**Facendo fincapé na importante vertente social que este clube amosa** "Continuamos consolidando os eventos deportivos nos que tomamos parte tanto a nivel organizativo coma de colaboración como A Carreira da Auga (UNICEF), Nocturna de Nadal (Cruz Roja e Cáritas), Cross de Mondego, (...) e na que practicamente tocamos a unha ó mes. Da mesma maneira temos ampliado os obxectivos de acción social do club"



**Precisamente en canto ós obxectivos que se ten marcado o clube para esta tempada apunta unha serie de aspectos claros** "De cara a tempada que acabamos de estrear, plantexámos os obxectivos en función da estrutura de funcionamento do club dende os seus inicios:

- Traballo cas bases: Queremos ter representantes en todas as probas e especialidades que compoñen o calendario atlético e completar equipos en todas as categorías dende benxamín, ata junior.
- Clasificar a algún dos nosos atletas da categorías base para os nacionais.
- Incrementar o número de atletas participantes nas probas e campionatos autonómicos absolutos e veteranos de pista así como incrementar a nosa representación no nacional de veteranos.
- Manter a destacada participación dos nosos deportistas nas probas e circuitos de carreiras en ruta e populares.
- Manter a liña na organización de eventos deportivos.
- Incrementar nosas colaboracións deportivas cas entidades cas que mantemos convenios de colaboración: ONCE, ASPRONAGA, Cruz Roja....



## falar os sete falares



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



Ribeiro



**Facendo un pouco de memoria, lembraría os comezos e a evolución durante estes anos...**”Malia que o Clube sería fundado no ano 1996 comezaría a funcionar ca súa estrutura actual no ano 2010 momento no cal comezaríamos a medrar de maneira moi rápida tanto en masa social coma en actividades contando sempre ca implicación e colaboración dos nosos socios”



“O principal éxito ten sido o saber adaptarse as demandas deportivas dos socios, facendo que no CAS todo o mundo sexa tido en conta”. **...cóntanos con certa orgullo que fai extensible á calidade e diversificación de opcións cas que conta o clube** “...con nós adestran polo momento atletas dende os 4 ós 70 anos tendo todos a posibilidade de facelo con preparadores de primeiro nivel. De igual modo dispoñen de amplitude de horarios, e modalidades (pista, ruta, montaña, populares e os que optan a campionatos)”

**Para rematar desveleríanos un dos grandes obxectivos estratéxicos nos que está a traballar a entidade...**”O próximo gran reto da directiva é conseguir os apoios precisos para sacar adiante o Proiecto SADA 2020; un módulo de atletismo con pavillón cuberto e circuito de cross que dotará ó Concello de Sada e polo tanto ós deportistas do Club Atletismo Sada, das instalacións precisas onde poder concentrar a súa actividade”

Pois así é este clube sadense cuxa ilusión, gañas e moito traballo están a facer del un importantísimo dinamizador atlético na zona das Mariñas e Concellos limítrofes.





## falar os sete falares



//ABANCA



Gonzacar, S.L.



Ribeiro



[www.anpeba.com](http://www.anpeba.com)